| Lingua de impartición         | Castelán<br>Galego                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                     |        |       |              |
| Departamento                  | Bioquímica, xenética e inmunoloxía                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                     |        |       |              |
| Coordinador/a                 | Magadán Mompó, Susana                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                  |        |       |              |
| Profesorado                   | González Fernández, María África<br>Magadán Mompó, Susana<br>Valverde Pérez, Diana                                                                                                                                                                                                                                                                                     |        |       |              |
| Correo-e                      | smaga@uvigo.es                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                         |        |       |              |
| Web                           |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                        |        |       |              |
| Descrición xeral              | Materia de carácter teórico-práctico deseñada para desenvolver competencias e habilidades que permitan ao estudiantado entender as bases dos procesos bioquímicos e Inmunolóxicos con maior impacto na saúde humana. Trataranse aspectos relativos á aplicación das determinacións bioquímicas e inmunolóxicas para o diagnóstico e seguimento de enfermidades humanas |        |       |              |

| Resultados de Formación e Aprendizaxe |                                                                                                                                                                                                                                                                      |
|---------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Código                                |                                                                                                                                                                                                                                                                      |
| A2                                    | Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo. |
| A3                                    | Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.                                 |
| B2                                    | Capacidade de lectura e análise de documentos científicos e de interpretar datos e informacións, extraendo o esencial do accesorio ou secundario, e de fundamentar debidamente as pertinentes conclusións.                                                           |
| B3                                    | Adquirir coñecementos xerais das materias básicas da bioloxía, tanto a nivel teórico como experimental, sen descartar unha maior especialización en materias que se orientan a un ámbito profesional concreto.                                                       |
| B4                                    | Capacidade para manexar ferramentas experimentais, incluíndo a instrumentación científica e informática, que apoién a busca de solucións a problemas relacionados co coñecemento básico da bioloxía e con aqueles propios dun contexto laboral.                      |
| C3                                    | Identificar, analizar e caracterizar mostras de orixe biolóxica, incluídas as de orixe humana, e as súas posibles anomalías                                                                                                                                          |
| C4                                    | Isolar, analizar e identificar biomoléculas, virus, células, tecidos e órganos                                                                                                                                                                                       |
| C6                                    | Avaliar e interpretar actividades metabólicas                                                                                                                                                                                                                        |
| C10                                   | Analizar e interpretar as adaptacións dos seres vivos ao medio                                                                                                                                                                                                       |
| C15                                   | Describir, analizar, avaliar e planificar o medio físico. Interpretar a paisaxe                                                                                                                                                                                      |
| C17                                   | Identificar e obter produtos naturais de orixe biolóxica                                                                                                                                                                                                             |
| D3                                    | Desenvolver habilidades de comunicación oral e escrita                                                                                                                                                                                                               |
| D4                                    | Adquirir coñecementos de lingua estranxeira relativos ao ámbito de estudo                                                                                                                                                                                            |

| Resultados previstos na materia                                                                                                                                                  |  | Resultados de Formación e Aprendizaxe |    |     |    |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--|---------------------------------------|----|-----|----|
| Resultados previstos na materia                                                                                                                                                  |  | A2                                    | B2 | C3  | D3 |
| Entender os fundamentos metodolóxicos e interpretación dos resultados das probas analíticas e inmunolóxicas para a emisión dun diagnóstico fiable.                               |  | A3                                    | B3 | C4  | D4 |
|                                                                                                                                                                                  |  |                                       | B4 | C6  |    |
|                                                                                                                                                                                  |  |                                       |    | C10 |    |
|                                                                                                                                                                                  |  |                                       |    | C15 |    |
|                                                                                                                                                                                  |  |                                       |    | C17 |    |
| Identificar os distintos tipos de mostras clínicas humanas, os métodos de procesado e as probas analíticas que se empregan nos laboratorios de Bioquímica e Inmunoloxía clínica. |  | A2                                    | B3 | C3  | D3 |
|                                                                                                                                                                                  |  |                                       |    | C4  |    |
|                                                                                                                                                                                  |  |                                       |    | C6  |    |
|                                                                                                                                                                                  |  |                                       |    | C15 |    |
|                                                                                                                                                                                  |  |                                       |    | C17 |    |
| Coñecer os fundamentos e as aplicacións da bioquímica clínica para o diagnóstico de enfermidades, analizando os factores que poden afectar o resultado dunha analítica.          |  | A2                                    | B2 | C3  | D3 |
|                                                                                                                                                                                  |  | A3                                    | B3 | C6  | D4 |
|                                                                                                                                                                                  |  |                                       | B4 | C10 |    |
|                                                                                                                                                                                  |  |                                       |    | C15 |    |
|                                                                                                                                                                                  |  |                                       |    | C17 |    |

|                                                                                                                                                    |          |                |                         |          |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------|----------------|-------------------------|----------|
| Explicar os mecanismos de regulación da resposta inmunitaria humana, as súas alteracións en procesos patolóxicos e estratexias inmunoterapéuticas. | A2<br>A3 | B2<br>B3<br>B4 | C6<br>C10<br>C15<br>C17 |          |
| Comprender a proxección social das probas analíticas e a súa repercusión no exercicio profesional.                                                 | A2<br>A3 | B2             | C10<br>C17              | D3<br>D4 |

## Contidos

### Tema

Tema 1. Fases do diagnóstico. Fase preanalítica. Obtención de espécimens. POCT.

Tema 2. Control de calidade no laboratorio clínico. Selección e validación de métodos.

Tema 3. Valor diagnóstico das probas clínicas. Valores de referencia e interpretación dos resultados.

Tema 4. Elementos básicos de Bioquímica Clínica. Valor semiolóxico da determinación de magnitudes bioquímicas: analitos e metabolismo.

Tema 5. Diagnóstico clínico de alteracións de órganos e sistemas. Paneis de probas diagnósticas e a súa interpretación.

Tema 6. Metabolismo da glicosa. Metabolismo óseo. Metabolismo dos lípidos.

Tema 7. Función hepática. Función do rin. Enfermidade cardíaca.

Tema 8. Introducción á Inmunoloxía clínica. Técnicas máis empregadas na Inmunoloxía clínica/Anticorpos monoclonais.

Tema 9. Inmunodeficiencias. Técnicas de diagnóstico e estudo da evolución de inmunodeficiencias primarias e secundarias.

Tema 10. Enfermidades autoinflamatorias e autoinmunitarias. Tipos, técnicas de diagnóstico, terapias e estudo da evolución.

Tema 11. Vacinación-resposta á vacina- Diagnóstico de infección. Técnicas para avaliar resposta humoral (Acs) e celular.

Tema 12. Transplantes e rexeitamento inmunitario. Ensaos para avaliar biocompatibilidade e evolución do Transplante.

Tema 13. Cancro. Inmunoensaos para o estudo de tumores do sangue e sólidos. Enfermidade mínima residual. Inmunoterapias fronte ao cancro.

Tema 14. Fertilidade. Aspectos inmunolóxicos que afectan ó embarazo. Ensaos para avaliar problemas de fertilidade de causa inmunolóxica.

Tema 15. Hipersensibilidade. Tipos de hipersensibilidade e pseudoalerxia. Técnicas de diagnóstico e estudo de evolución da enfermidade.

## Planificación

|                               | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|-------------------------------|---------------|--------------------|--------------|
| Lección maxistral             | 18            | 36                 | 54           |
| Prácticas de laboratorio      | 28            | 26                 | 54           |
| Seminario                     | 2             | 8                  | 10           |
| Exame de preguntas obxectivas | 1             | 6                  | 7            |
| Práctica de laboratorio       | 4             | 8                  | 12           |
| Estudo de casos               | 2             | 4                  | 6            |
| Exame de preguntas obxectivas | 1             | 6                  | 7            |

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

|                          | Descrición                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                 |
|--------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Lección maxistral        | Exposición por parte do docente dos fundamentos e principios básicos da bioquímica e da inmunoloxía clínicas. Preténdese que o alumno adquira coñecementos básicos relacionados co control da calidade, probas diagnósticas, metodoloxías e interpretación de resultados. Como apoio ás explicacións teóricas, proporcionarase aos alumnos o material docente apropiado a través da plataforma Moovi do Campus Virtual.                                                                                                                                                                    |
| Prácticas de laboratorio | O traballo no laboratorio está dirixido a conseguir competencias na realización das probas analíticas e interpretación dos resultados, co obxectivo de formar ao alumno nas actividades levadas a cabo nos laboratorios de Bioquímica ou Inmunoloxía clínica. Aos alumnos solicitaráselle a entrega dun informe de prácticas e/ou a solución de cuestións e/ou exercicios. Como apoio ás prácticas de laboratorio, proporcionarase aos alumnos o material docente apropiado a través da plataforma *Moovi do Campus Virtual.                                                               |
| Seminario                | Os seminarios realizaranse mediante estudo de casos. Con eles preténdese que o estudantado desenvolva a súa capacidade para integrar e interpretar as análises clínicas no seu conxunto, resolver problemas, contrastar datos, reflexionar, completar coñecementos e realizar diagnóstico en base aos datos dispoñibles, adestrándose así nas bases do diagnóstico clínico. O traballo de estudo de casos realizarase por grupos reducidos de alumnos e será exposto nas datas sinaladas no calendario de actividades. Ao comezo de curso informarase o alumnado do procedemento a seguir. |

### Atención personalizada

| Metodoloxías             | Descrición                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                            |
|--------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Lección maxistral        | As sesións expositivas serán participativas. A atención personalizada será realizada polos docentes responsables de cada tema nas correspondentes horas semanais de tutoría.                                                                                                                                                                                                                                                                                                                          |
| Prácticas de laboratorio | Os/As docentes responsables proporcionarán atención individualizada a cada alumno durante a realización das prácticas de laboratorio e darán o soporte necesario para a comprensión dos obxectivos, metodoloxía, técnicas concretas a utilizar e interpretación de resultados.                                                                                                                                                                                                                        |
| Seminario                | Os/As estudantes serán distribuídos en pequenos grupos que resolverán estudo de casos relacionados coa análise e diagnóstico clínico. A resolución dos casos, os argumentos e os criterios utilizados deberán ser expostos e defendidos nunha presentación oral na que intervirán todos os membros do grupo. O traballo autónomo do/da alumno/a será supervisado, e resoltas as dúbidas polos profesores responsables. Todas as consultas e orientacións serán nas horas de tutorías de cada docente. |

### Avaliación

|                               | Descrición                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                 | Cualificación | Resultados de Formación e Aprendizaxe |                |                                     |          |
|-------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------|---------------------------------------|----------------|-------------------------------------|----------|
| Exame de preguntas obxectivas | Realizarase unha proba escrita:<br>1) Tems 1 ao 7. Suporá o 25% da nota final.<br>Nas probas serán avaliados os contidos fundamentais da materia (clases maxistráis e prácticas) a través de preguntas obxectivas (tipo test e resposta curta).<br>PARA SUPERAR A MATERIA se esixe: a) un mínimo de 4 puntos (sobre 10) na proba escrita e b) obter unha nota media mínima de 5, calculada a partir da nota obtida na proba (Tems 1 ao 7) e proba (Tems 8 ao 15)                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                           | 25            | A2<br>A3                              | B2<br>B3       | C3<br>C4<br>C6<br>C10<br>C15<br>C17 | D3<br>D4 |
| Práctica de laboratorio       | As capacidades e destrezas adquiridas durante as prácticas de laboratorio serán AVALIADAS DE FORMA CONTINUA. A metodoloxía de avaliación e ponderación na nota final inclúe:<br>1- Implicación do alumno no desenvolvemento das prácticas. Suporá un 10% da cualificación final.<br>2- Entrega de informes de prácticas de laboratorio: de Bioquímica (BQ) e Inmunoloxía (IN) clínicas. Os informes serán ealizados por cada un dos subgrupos de alumnos organizado en cada grupo de prácticas. A nota media (BQ +IN /2) obtida nos informes suporá o 15% da nota final.<br>3- Resolución de problemas / exercicios /cuestións nas prácticas de laboratorio, cuxos resultados serán entregados na mesma sesión práctica e/ou xunto co informe de prácticas.<br>A nota media (BQ +IN /2) obtida suporá o 15% da nota final. | 40            | A2<br>A3                              | B2<br>B3<br>B4 | C3<br>C4<br>C6<br>C10<br>C15        | D3<br>D4 |
| Estudo de casos               | Resolución e presentación de casos clínicos, exposición e discusión do caso asignado.<br>Suporá un 10% da cualificación final.                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                             | 10            | A2<br>A3                              | B2<br>B3<br>B4 | C3<br>C6<br>C10<br>C15<br>C17       | D4       |

|                               |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                      |    |          |          |                                     |          |
|-------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----|----------|----------|-------------------------------------|----------|
| Exame de preguntas obxectivas | Realizarase unha proba escrita:<br>1) Temas 8 ao 15. Suporá o 25% da nota final.<br>Nas probas serán avaliados os contidos fundamentais da materia (clases maxistráis e prácticas) a través de preguntas obxectivas (tipo test e resposta curta).<br>PARA SUPERAR A MATERIA se esixe: a) un mínimo de 4 puntos (sobre 10) na proba escrita e b) obter unha nota media mínima de 5, calculada a partir da nota obtida na proba (Temas 1 ao 7) e proba (Temas 8 ao 15) | 25 | A2<br>A3 | B2<br>B3 | C3<br>C4<br>C6<br>C10<br>C15<br>C17 | D3<br>D4 |
|-------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----|----------|----------|-------------------------------------|----------|

### Outros comentarios sobre a Avaliación

**Importante:** Independentemente que o/a alumno/a escolla AVALIACIÓN CONTINUA OU GLOBAL a asistencia a todas as PRÁCTICAS DE LABORATORIO é OBRIGATORIA para APROBAR a materia (salvo as ausencias debidamente xustificadas).

#### Avaliación continua:

1) Dúas probas parciais: cada unha suporá o 25% da nota. Proba 1 (Temas do 1 ao 7) e proba 2 (Temas do 8 ao 15). PARA SUPERAR A MATERIA se esixe: a) un mínimo de 4 puntos (sobre 10) en cada proba e b) obter unha nota media mínima de 5, calculada a partir da nota obtida nos dous parciais.

2) Prácticas de laboratorio: Implicación do alumno (10% da nota final) + informes prácticas BQ e IN (15% da nota final) + resolución problemas/cuestións de BQ e IN clínica (15% da nota final).

3) Seminario /estudo de casos: 10% da nota final.

Para superar a materia a suma: nota media dos parciais + nota prácticas + nota seminario ten que ser igual ou superior a 5.

As actividades (proba parcial, prácticas e seminarios) superadas na primeira oportunidade dun curso se conservan para a segunda oportunidade. Na segunda oportunidade dun curso non se poden recuperar prácticas e seminarios, só se poden realizar os exames parciais non superados na primeira oportunidade.

Aos alumnos/as repetidores/as conservaráselles a nota das prácticas e os seminarios. Terán dereito a repetir as devanditas actividades sempre e cando renuncien por escrito á cualificación obtida anteriormente (documento asinado e enviado ao coordinador/a). A renuncia ten que ser feita antes de que comencen as prácticas.

#### Avaliación global:

O/a alumno/a que escolla avaliación global terá que superar unha proba final integradora na que se avaliará dos contidos das aulas maxistráis, prácticas de laboratorio e seminarios/estudos de caso. A proba consistirá en preguntas tipo test, preguntas curtas e resolución de problemas/caso clínico.

Para superar a materia a nota da proba global terá que ser igual ou superior a 5. De non superarse a proba final, a calificación do/a alumno/a SÓ será a obtida na proba final integradora sobre 10 puntos.

Na segunda oportunidade do curso, o/a alumno/a suspenso/a terá que ser novamente avaliado de todas as actividades mediante unha proba global.

Se non se supera a materia en ningunha das oportunidades do curso. O/a alumno/a non terá que facer as prácticas, pero sí será avaliado/a novamente de todos os contidos (aulas expositivas, prácticas e seminarios), xa sexa mediante avaliación continua ou global.

#### Información xeral

O calendario académico pódese consultar no seguinte enlace:

<http://bioloxia.uvigo.es/gl/docencia/horarios>

O calendario de exames pódese consultar no seguinte enlace:

<http://bioloxia.uvigo.es/gl/docencia/exames>

### Bibliografía. Fontes de información

#### Bibliografía Básica

Marshall, William J, **Bioquímica Clínica**, 7ª edición, Elsevier, 2013

□ Michael Julian Murphy, Rajeev Srivastava, Kevin Deans., **Bioquímica Clínica. Texto y Atlas en color.**, 6ª edición, Elsevier, 2019

González Hernández, Álvaro, **Principios de bioquímica clínica y patología molecular**, 3ª edición, Elsevier, 2019

Lieberman M.A, **Bioquímica médica básica: un enfoque clínico**, 5ª edición, Wolters Kluwer,, 2018

Baynes, John W, **Bioquímica médica**, 5ª edición, Elsevier, 2019

Richard A. McPherson, Matthew R. Pincus, **Henry's clinical diagnosis and management by laboratory methods**, 24ª edición, Elsevier, 2022

Robert R Rich, **Inmunología clínica. Principios y práctica**, 5ª edición, Elsevier, 2019

Barbara Detrick, **Manual of molecular and clinical laboratory immunology**, 8ª edición, ASM Press, 2016

Robert R Rich et al, **Técnicas básicas de laboratorio en inmunología clínica**, 1ª edición, Elsevier, 2020

Bretscher Peter et al, **The foundations of Immunology and their Pertinence to Medicine**, 1ª edición, Friesen Press, 2016

Africa González Fernández et al, **Inmunogenética**, 1ª edición, Síntesis, 2018

tojos JR,et al, **Inmunotecnología y sus aplicaciones**, 1ª edición, Universidad de Oviedo, 2018

Regueiro, JR, et al,, **Inmunología: biología y patología del sistema inmunitario**, 5ª edición, Panamericana, 2021

Male, D; Peebles, RS., et al, **Inmunología**, 9ª edición, Elsevier, 2021

Abbas et al, **Inmunología celular y molecular**, 9ª edición, Elsevier, 2018

Judith A. Owen, et al, **Kubi Immunology**, 7ª edición, McGraw/Hill, 2014

**Bibliografía Complementaria**

<https://www.inmunologia.org/revista/home.php>,

<https://www.sciencedirect.com/journal/clinical-immunology>,

## Recomendacións

### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Biología celular e fisiología integrativas: Implicacións na saúde/V02G031V01407

Xenética humana e patoloxía molecular/V02G031V01408

Microbioloxía e parasitoloxía sanitarias/V02G031V01406

### Materias que se recomenda ter cursado previamente

Bioquímica I/V02G031V01201

Bioquímica II/V02G031V01206

Inmunoloxía e parasitoloxía/V02G031V01305

Técnicas en bioloxía celular e molecular/V02G031V01310

**DATOS IDENTIFICATIVOS****Avaliación de impacto ambiental**

|                       |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                            |        |       |              |
|-----------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------|-------|--------------|
| Materia               | Avaliación de impacto ambiental                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                            |        |       |              |
| Código                | V02G030V01904                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                              |        |       |              |
| Titulación            | Grao en Bioloxía                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                           |        |       |              |
| Descritores           | Creditos ECTS                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                              | Sinale | Curso | Cuadrimestre |
|                       | 6                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                          | OP     | 4     | 1c           |
| Lingua de impartición | #EnglishFriendly<br>Castelán<br>Galego                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                     |        |       |              |
| Departamento          | Bioloxía vexetal e ciencias do solo<br>Ecoloxía e bioloxía animal                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                          |        |       |              |
| Coordinador/a         | Olabarria Uzquiano, Celia                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                  |        |       |              |
| Profesorado           | Fernández Covelo, Emma<br>Muñoz Sobrino, Castor<br>Olabarria Uzquiano, Celia<br>Velando Rodríguez, Alberto Luís                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                            |        |       |              |
| Correo-e              | colabarria@uvigo.es                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                        |        |       |              |
| Web                   |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                            |        |       |              |
| Descrición xeral      | O obxectivo desta materia é desenvolver cada un dos pasos que compoñen o proceso de avaliación de impacto ambiental desde diferentes puntos de vista: lexislación existente, procedemento administrativo, e os diferentes tipos de metodoloxías empregadas nos estudos de impacto ambiental. Así mesmo, o alumno aprenderá os fundamentos básicos para a realización de estudos de impacto ambiental, analizando criticamente diversos exemplos de estudos e realizando un estudo de impacto ambiental concreto.<br><br>Materia do programa English Friendly. Os/ as estudantes internacionais poderán solicitar ao profesorado: a) materiais e referencias bibliográficas para o seguimento da materia en inglés, b) atender as titorías en inglés, c) probas e avaliacións en inglés.<br>Calendario escolar<br><a href="http://bioloxia.uvigo.es/gl/docencia/horarios">http://bioloxia.uvigo.es/gl/docencia/horarios</a> |        |       |              |

**Resultados de Formación e Aprendizaxe**

|        |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                            |
|--------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Código |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                            |
| A1     | Que os estudantes demostraren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo. |
| A2     | Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.                                                       |
| A3     | Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.                                                                                       |
| A4     | Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado como non especializado.                                                                                                                                                                                      |
| A5     | Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.                                                                                                                                                                                 |
| B2     | Capacidade de lectura e análise de documentos científicos e de interpretar datos e informacións, extraendo o esencial do accesorio ou secundario, e de fundamentar debidamente as pertinentes conclusións.                                                                                                                 |
|                                                                                                                                                                              |    | B12 |     | D11 |
|                                                                                                                                                                              |    |     |     | D15 |
|                                                                                                                                                                              |    |     |     | D16 |
|                                                                                                                                                                              |    |     |     | D18 |
| Comprender a proxección social da bioloxía e a súa repercusión no exercicio profesional, así como saber utilizar os seus contidos para impartir docencia e facer divulgación | A3 | B7  | C33 | D3  |
|                                                                                                                                                                              | A4 | B11 |     | D11 |
| Aplicar os coñecementos adquiridos para asesorar, supervisar e peritar sobre aspectos científico-técnicos, éticos, legais e socio-económicos relacionados coa bioloxía       | A3 | B6  | C29 | D7  |
|                                                                                                                                                                              | A4 | B7  |     |     |
| Coñecer e manexar os conceptos, terminoloxía e instrumentación científico-técnica relativos á bioloxía                                                                       | A4 | B4  | C31 | D3  |
|                                                                                                                                                                              |    |     | C32 | D4  |
|                                                                                                                                                                              |    |     |     | D5  |

## Contidos

### Tema

A materia Trabajo Fin de Grao organizase sobre a (\*)-base de tres actividades que o alumno deberá realizar axeitadamente:

|                                                                                                                                                                                                                                                                                                 |                                                                                                                                                                                                                         |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| 1. Realización dun traballo orixinal relacionado con algún ámbito da bioloxía e a súa aplicación profesional.                                                                                                                                                                                   | A tipoloxía do traballo deberá estar ceñida a algúns destes apartados:                                                                                                                                                  |
| Os traballos realizaranse sempre baixo a titorización dun profesor asignado á materia.                                                                                                                                                                                                          | -Traballos experimentais que se leven a cabo nos laboratorios do centro o en outros centros de investigación da UVIGO de ámbito biolóxico.                                                                              |
| Existen diferentes tipos de TFG polos que o alumnado pode optar:                                                                                                                                                                                                                                | -Desenvolvemento teórico (diseño, planificación, aplicabilidade) dun proxecto de interés económico, social, medioambiental, educativo, etc., relacionado co ámbito da bioloxía ou tecnoloxía de base biolóxica.         |
| -Traballos tipo A: ofertados por profesores da titulación. O principio de curso os alumnos deberán optar por unha temática de traballo de entre as ofertadas. A Comisión de TFG establecerá as normas e prazos que rexirán a adxudicación aos alumnos das temáticas propostas polos profesores. | -Traballos de revisión e investigación bibliográfica cuxo obxectivo sexa unha posible aplicación práctica (estudio previo, proposta innovadora, etc.)                                                                   |
| -Traballos tipo B: propostos por alumnos e acordados con profesores da titulación que actuarán como titores do traballo.                                                                                                                                                                        | -Outros traballos que correspondan a oferta de profesores e que non se axusten especificamente as modalidades anteriores, sempre e cando sexan aprobados pola Comisión de TFG.                                          |
| -Traballos tipo C: propostos por alumnos para ser realizados en empresas e entidades diferentes á UVIGO coas que exista un convenio. A titorización deste tipo de traballo constará dun titor académico da institución e unha persoa da entidade externa que realizará funcións de cotitor.     | -Traballo aplicado a bioloxía que se leve a cabo en empresas ou outras institucións públicas e privadas.                                                                                                                |
| -Traballos tipo D: traballos para estudantes con necesidades educativas especiais.                                                                                                                                                                                                              |                                                                                                                                                                                                                         |
| -Traballo tipo E: desenvolto por estudantes no marco dun programa de mobilidade.                                                                                                                                                                                                                |                                                                                                                                                                                                                         |
| As características particulares de cada un destes tipos de traballo, así como as normas que os rixen, están recollidas na Normativa de Trabajo Fin de Grao da Facultade de Bioloxía.                                                                                                            |                                                                                                                                                                                                                         |
| 2. Entrega en prazo dunha memoria escrita do traballo realizado.                                                                                                                                                                                                                                | As características da memoria e os prazos de entrega serán establecidos coa suficiente antelación pola Comisión de TFG, seguindo as directrices fixadas pola Normativa de Trabajo Fin de Grao da Facultade de Bioloxía. |
| 3. Presentación e defensa do traballo diante dun tribunal de avaliación que o avaliará e cualificará.                                                                                                                                                                                           | As normas de presentación e defensa do traballo serán fixadas pola Comisión de TFG, dacordo coa Normativa de Trabajo Fin de Grao da Facultade de Bioloxía.                                                              |

| Planificación     |               |                    |              |
|-------------------|---------------|--------------------|--------------|
|                   | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
| Traballo tutelado | 20            | 380                | 400          |
| Proxecto          | 1             | 39                 | 40           |
| Presentación      | 1             | 9                  | 10           |

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

|                   | Descrición                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                     |
|-------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Traballo tutelado | <p>O traballo fin de grao (TFG) realízase baixo a supervisión dun/unha profesor/a que exercerá as funcións de titor/a.</p> <p>A titorización consistirá en supervisar e orientar ao estudante na temática, metodoloxía, elaboración, presentación e calquera outro aspecto académico relativo ao TFG.</p> <p>As normas relativas a titorización do traballo fin de grao están recollidas no Regulamento do Traballo Fin de Grao da UVigo, e na Normativa de Traballo Fin de Grao da Facultade de Bioloxía.</p> |

### Atención personalizada

| Metodoloxías      | Descrición                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                    |
|-------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Traballo tutelado | Cada estudante disporá dun titor/a que orientará na realización do traballo fin de grao, fará o seguimento do mesmo e participará na súa avaliación, dacordo coa normativa aprobada para esta materia.                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                        |
| Probas            | Descrición                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                    |
| Proxecto          | O estudante desenvolverá un proxecto orixinal de forma autónoma e baixo a supervisión do titor, no que porá en evidencia as competencias adquiridas ao longo da titulación. Ao final deberá recoller os resultados do proxecto nunha memoria, dacordo coas normas establecidas para iso. Tamén fará unha presentación da memoria diante do tribunal, constituindo o proxecto e a memoria a maior porcentaxe da cualificación que obteña na materia. O titor supervisará tamén a memoria e a presentación, facilitando os trámites ata a finalización do traballo fin de grao. |

### Avaliación

|                   | Descrición                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                               | Cualificación | Resultados de Formación e Aprendizaxe                                                                                                                                                     |
|-------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Traballo tutelado | <p>A persoa titora emitirá un informe de avaliación que incluírá diferentes ítems dirigidos á adquisición de competencias por parte do alumno, e será aprobado pola comisión de traballo fin de grao.</p> <p>Na seguinte ligazón pódese consultar o modelo de informe tutorial usado no curso 2022-23, o cal pode ser tomado como referencia para o curso 2023-24.<br/> <a href="http://bioloxia.uvigo.es/docs/docencia/grado/tfg/TFG_informe_tutor.pdf">http://bioloxia.uvigo.es/docs/docencia/grado/tfg/TFG_informe_tutor.pdf</a> </p> | 30            | A1 B1 C25 D1<br>A2 B2 C26 D2<br>A3 B3 C27 D3<br>B4 C29 D4<br>B5 C31 D5<br>B6 C32 D6<br>B7 C33 D7<br>B8 D8<br>B9 D9<br>B10 D10<br>B12 D11<br>D12<br>D13<br>D14<br>D15<br>D16<br>D17<br>D18 |
| Proxecto          | <p>O estudante deberá entregar unha memoria do proxecto na que se incluírán os detalles principais do traballo realizado.</p> <p>Na seguinte ligazón podense consultar as normas de elaboración da memoria no curso 2022-23, o que pode servir de referencia para o curso 2023-24.<br/> <a href="https://bioloxia.uvigo.es/gl/docencia/traballo-fin-de-grao/">https://bioloxia.uvigo.es/gl/docencia/traballo-fin-de-grao/</a> </p>                                                                                                       | 40            | A1 B2 C25 D1<br>A3 B5 C26 D3<br>A5 B7 C27 D6<br>B9 C32 D7<br>C33 D10<br>D12<br>D13<br>D14                                                                                                 |
| Presentación      | O estudante deberá facer unha presentación do proxecto diante do tribunal e debatir cos seus membros acerca dos aspectos do traballo realizado.                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                          | 30            | A2 B6 C32 D3<br>A4 B8 D5<br>B11 D15                                                                                                                                                       |

---

## **Outros comentarios sobre a Avaliación**

---

### **Tribunal da avaliación do Traballo Fin de Grao**

Estará constituído por tres profesores da titulación e será nomeado a proposta da Comisión de Traballo Fin de Grao. Constituiranse tantos tribunais como fose necesario, cos correspondentes membros suplentes, para garantir o bo discorrer do proceso avaliador.

### **Memoria de Traballo Fin de Grao**

Coa antelación suficiente, a Comisión de Traballo Fin de Grao establecerá os prazos de entrega da solicitude para a presentación e defensa, así como da memoria do traballo fin de grao. A non entrega da mesma nos prazos establecidos levará a non presentación á avaliación da materia. Os alumnos/as disporán dunha normativa para a elaboración e presentación da memoria de TFG. Dita normativa publicárase na web da facultade así como na plataforma docente.

### **Presentación e defensa do Traballo Fin de Grao**

O tribunal avaliador da proba publicará coa suficiente antelación os criterios de avaliación, orden de exposición, lugar e hora de celebración, quedando a disposición de todos os interesados.

### **Cualificacións**

Ao finalizar o proceso avaliador, o tribunal publicará de forma conxunta as cualificacións que recibiron os alumnos matriculados na materia.

No caso de que un/unha alumno/a supere a avaliación do titor/a pero obteña una valoración de suspenso nas outras partes do TFG, o tribunal entregaralle a ambos os dous un informe recollendo as recomendacións para mellorar o traballo cara a súa avaliación noutra oportunidade. En particular se fará fincapé si a nota negativa obtida polo alumno/a pode ser recuperada nunha segunda oportunidade do mesmo curso ou si, polo contrario, o alumno debe realizar a totalidade do traballo noutro curso académico.

### **Segunda oportunidade**

O/a alumno/a poderá recuperar nunha segunda oportunidade no mesmo curso aqueles aspectos do TFG que non superou na primeira, sempre e cando o informe que obtivo do tribunal nesa primeira oportunidade así o especifique.

A Comisión de Traballo Fin de Grao establecerá e fará públicos coa antelación suficiente os prazos que rexerán o proceso de avaliación na segunda oportunidade do curso, incluíndo os prazos de entrega da solicitude de defensa, a memoria e o informe do titor, así como a data, lugar e hora de celebración do acto de presentación e defensa do traballo diante do tribunal.

### **Horario da materia**

Debido as súas características, o traballo fin de grao non ten un horario establecido; cada alumno establecerá o seu horario de acordo co titor, normalmente ao longo do segundo cuatrimestre.

### **Datas previstas para as probas de avaliación para o curso 2023-24**

As datas foron aprobadas en Xunta de Facultade. Ver ligazón: <http://bioloxia.uvigo.es/es/docencia/examenos>

### **Normativas aplicables**

O Regulamento do Traballo Fin de Grao da Universidade de Vigo, aprobado no Consello de Goberno está dispoñible en: [http://www.uvigo.gal/opencms/export/sites/uvigo/uvigo\\_gl/DOCUMENTOS/alumnado/TFGNovo\\_Def\\_Uvigo.pdf](http://www.uvigo.gal/opencms/export/sites/uvigo/uvigo_gl/DOCUMENTOS/alumnado/TFGNovo_Def_Uvigo.pdf)

A Normativa da Facultade de Bioloxía para a realización do Traballo Fin de Grao, aprobada en Xunta de Facultade está dispoñible en:

[http://bioloxia.uvigo.es/docs/docencia/grado/tfg/normativa\\_TFG\\_facultad\\_biolologia.pdf](http://bioloxia.uvigo.es/docs/docencia/grado/tfg/normativa_TFG_facultad_biolologia.pdf)

### **Aspectos éticos**

O plaxio está especialmente perseguido nos traballos de fin de grao, en particular na elaboración da memoria, sendo motivo de suspenso na materia. Tampouco está permitido o uso inxustificado de programas de intelixencia artificial.

---

## **Bibliografía. Fontes de información**

---

### **Bibliografía Básica**

---



### Recomendacións

---

#### Outros comentarios

---

Recomendacións para matrícula na materia:

-Para poder matricularse na materia Traballo Fin de Grao, o estudante deberá ter matriculados todos os créditos necesarios para obter o título oficial de grao, salvo os correspondentes ao propio traballo, xa sexa por superación das materias correspondentes ou por recoñecemento.

-Para poder realizar a presentación e defensa do Traballo Fin de Grao diante do tribunal, o estudante deberá demostrar ter superados todos os créditos necesarios para obter o título oficial de grao, salvo os correspondentes ao propio traballo, xa sexa por superación das materias correspondentes ou por recoñecemento.

Polo tanto recoméndase aos alumnos que se matriculen nesta materia só si teñen altas posibilidades de superar todos os créditos matriculados no curso.

- Normativa do Traballo Fin de Grao e información sobre a planificación da materia no curso: dispoñible en:  
<http://bioloxia.uvigo.es/gl/docencia/grao-en-bioloxia/traballo-fin-de-grao>

Mobilidade:

Os traballos fin de grao poderán levarse a cabo a cabo dentro dun programa de mobilidade, facendo constar ás súas características no contrato de estudos respectivo. Os alumnos que opten por esta modalidade deben contar coa aprobación do coordinador de mobilidade do centro e do coordinador da materia Traballo fin de Grao. Polo tanto, é recomendable iniciar estes procesos coa suficiente antelación.

---